

BASES REGULADORAS DO CONCURSO PONTEDETAPAS e PONTEDECÓCTEL

Do 13 ao 27 de novembro de 2024

1. PRESENTACIÓN

O Concello de Pontevedra dentro do seu labor de promoción e comercialización de servizos e establecementos hostaleiros pon en marcha o concurso PONTEDETAPAS e PONTEDECÓCTEL, que dende hai anos vén desenvolvéndose cun grande éxito e supón unha ferramenta de dinamización da nosa oferta comercial.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso todos aqueles establecementos de hostalaría legalmente constituídos no termo municipal de Pontevedra previa inscrición no prazo e forma determinados nestas bases.

3. INSCRICIÓN

Os establecementos interesados en participar deberán **inscribirse ata o 17 de outubro** enviando a follla de inscrición ao correo-e info@trisquelia.com, ben por whatsapp (669459453) ou levándoa persoalmente á oficina municipal de Turismo de Pontevedra na praza de España.

A cota de inscrición é de 60,00 euros por local (IVE incluído) que se aboará mediante ingreso ou transferencia bancaria á conta corrente de titularidade de TURISMO DE PONTEVEDRA S.A. na entidade ABANCA e con número ES73-2080-5401-5530-4019-0042, indicando no concepto: PONTEDETAPAS + Nome do establecemento. Non se fará efectiva ningunha inscrición que non se acompañe do xustificante do pagamento da cota.

O diñeiro recadado polas inscricións destinarase ao acto e os premios que se repartirán ao finalizar a edición do concurso.

4. CATEGORÍAS

Establécense tres modalidades de participación:

1. Tapa tradicional, á mellor tapa inspirada no recetario tradicional.
2. Tapa creativa, á tapa máis orixinal elaborada con técnicas, presentación e combinacións innovadoras.
3. Cóctel, que valora a presentación, elaboración, sabor e calidade dos produtos presentados nesta bebida combinada.

Cada establecemento poderá concursar nunha, en dúas ou nas tres modalidades, pero só poderá facelo CUNHA creación por modalidade. Agás os cócteles, que poderán presentar unha creación con alcohol e mais outra sen alcohol.

As tapas deberán elaborarse con produtos de calidade, primando as materias primas da nosa terra.

Non se poderán realizar cambios nas tapas e nos cócteles presentados durante o tempo de duración do concurso.

5. PREZO DE VENDA

O **prezo FIXO** de venda ao público será de **4,00 € (IVE incluído) na modalidade "tapas" e de 6,00 € (IVE incluído) na modalidade "cóctel"**, con total independencia da consumición de calquera bebida ou outro produto.



6. HORARIOS

Os establecementos participantes terán as tapas e os cócteles á disposición do público —na cantidade suficiente para que non se esgoten as existencias— durante os días de celebración do concurso, do 13 ao 27 de novembro, agás os días oficiais de peche do local, que serán detallados na folia de inscrición.

O horario establecido para servir as tapas e os cócteles será, como mínimo, desde a hora de apertura da cociña do local, ata as 14.00 horas (pola mañá); e desde a hora de apertura da cociña ata as 22.00 horas (pola noite). Esta franxa horaria poderá ser ampliada, pero en ningún caso reducida.

7. OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Todos os establecementos participantes están obrigados a:

- Inscribirse e pagamento da cota ata o **17 de outubro**.
- Presentar á organización a/s súa/s receita/s antes do **20 de outubro**.
- Asistir a unha **sesión fotográfica** das tapas e cócteles previa ao inicio do concurso (que se desenvolverá do **21 ao 25 de outubro**) para realizar un rexistro fotográfico que se incorporará ao material publicitario e informativo. A organización facilitará un fotógrafo profesional para tal fin.
- Colaborar en todas as accións de comunicación, publicidade e relacións públicas do evento nas que sexa requirido.
- Situar nun lugar visible do establecemento os distintivos promocionais do concurso durante a súa duración, co fin de garantir a máxima difusión e óptima identificación polos clientes.
- Colocar, nun lugar visible e de doado acceso, a urna na que o público depositará os seus votos.
- Indicar, dentro do establecemento e de maneira visible, a tapa ou tapas e/ou o cóctel cos que participa no concurso.
- Selar, cando os clientes o soliciten, o pasaporte PONTEDETAPAS, logo de consumiren a tapa ou cóctel específico do concurso e de votaren.
- Facilitar á organización o número de tapas ou cócteles vendidos e contestar a unha enquisa de valoración do evento co obxectivo de realizar propostas de mellora para futuras edicións.

A inscrición e participación no concurso implica a aceptación destas bases e o incumprimento dalgunha destas normas é motivo de expulsión. A organización resérvase o dereito de modificar as presentes bases, sempre baixo xustificación e para velar pola boa consecución do certame.

8. PREMIOS DO XURADO

Entre todas as tapas e cócteles presentados, un xurado profesional escollerá o establecemento gañador para cada un dos seguintes premios:

- Premio do xurado TAPA TRADICIONAL
- Premio do xurado TAPA CREATIVA
- Premio do xurado CÓCTEL



Este xurado estará composto por persoas do ámbito da hostalaría, o turismo, o xornalismo gastronómico, *bloggers*, intelectuais ou entidades relacionadas coa promoción enogastronómica, de xeito que se garanta un veredicto que redunde na excelencia e credibilidade do concurso.

O xurado valorará as tapas e os cócteles en función de múltiples criterios como a elaboración, presentación, sabor, aroma, concepto, relación calidade-prezo, emprego de produtos galegos, trato do persoal, rapidez...

Como xeito de proceder, un xurado técnico analizará as receitas e as fotografías das tapas, e degustará aquelas que considere necesario, para realizar unha criba que será a que probará no establecemento candidato o xurado de Pontedetapas. A visita do xurado non se anunciará e poderá ser en calquera momento entre o rango horario especificado.

O fallo do xurado darase a coñecer nun evento final unha vez finalizado o concurso e será inapelable. Os gañadores obterán como premio, ademais dun diploma e distintivo acreditativo que se entregará neste acto, presentar a súa creación na feira Etiqueta Negra 2025.

9. PREMIO DO PÚBLICO

Entre todas as tapas e cócteles presentados, o público outorgará mediante votación popular o seguinte premio:

Premio do público TAPA PONTEVEDRA, á proposta que máis represente a esencia da nosa cidade: no sabor, no aroma, nos produtos empregados...

O público emitirá os seus votos a razón dun único voto por tapa ou cóctel consumido, durante os días de celebración do evento, do 13 ao 27 de novembro.

As votacións realizaranse nas urnas situadas nos establecementos participantes e mediante uns cupóns de votación que se distribuirán para a ocasión. Os consumidores poderán valorar de 0 e 5 puntos a tapa ou cóctel degustado, así como o trato, o servizo, as instalacións... do establecemento, a razón dun único voto por consumición. Da puntuación **media** resultará o gañador.

En cada establecemento só se poderá votar a tapa ou cóctel alí consumido, en ningún caso a tapa ou cóctel doutro establecemento. Os votos que non cumpran estas regras serán anulados.

O prazo de votación dará comezo o día 13 de novembro e rematará o día 27 de novembro, coincidindo coas datas de inicio e final do concurso.

A TAPA PONTEVEDRA será a que represente á cidade de Pontevedra en De tapas por Galicia, o certame promovido por Turismo de Galicia para escoller o mellor petisco da Comunidade entre os gañadores dos concursos de tapas das sete grandes urbes galegas.

9. PREMIO Á MELLOR TAPA DE MARIDAXE CON CAÑA DE ESTRELLA GALICIA

Hijos de Rivera patrocina este premio que consiste en maridar a tapa do establecemento participante con caña de Estrella Galicia.

O premio para o hostaleiro gañador consistirá no valor do seu peso en produtos HdR e co obxectivo de darlle máis visibilidade, coa realización dun *showcooking* nun evento gastronómico a determinar (organizado por HdR). Para o público consistirá nunha cea para dúas persoas valorada en 60,00 € no local gañador desta categoría.



10. PREMIO PARA O PÚBLICO

Ademais, mediante a súa votación, os clientes que consuman as tapas e cócteles a concurso poderán participar no sorteo de DOUS premios de 500 euros, en vales para gastar na hostalaría local.

Un primeiro premio desenvolverase por extracción ao azar dun cupón de votación de entre a totalidade dos recibidos. Unha vez seleccionado e entregado o premio, destruíranse todos os cupóns. No caso de non estar debidamente cubertos todos os datos persoais que se solicitan invalidarase o cupón.

O segundo premio outorgarase entre os clientes que voten a través da app Pontedetapas.

O sorteo de ambos os dous premios terá lugar nun evento final unha vez finalizado o concurso.

11. O PASAPORTE

Os dez primeiros consumidores que presenten o pasaporte PONTEDETAPAS selado por todos os locais participantes terán dereito a un regalo seguro, consistente nunha cea para dúas persoas valorada en 60,00 euros, a escoller entre todos os establecementos do concurso, antes de que remate o ano 2024.

Este pasaporte é persoal e intransferible; o seu período de vixencia será o da duración do concurso, do 13 ao 27 de novembro, e terá que estar debidamente cuberto con todos os datos persoais que se solicitan para que sexa válido. Poderá recollerse no oficina municipal de Turismo ou en calquera dos establecementos adheridos ao concurso.

As persoas que completen o pasaporte deberán entregalo na na oficina municipal de Turismo antes do día 6 de decembro de 2024.

12. PUBLICIDADE

O Concello de Pontevedra elaborará diferentes elementos promocionais, que serán amplamente divulgados e no que figurarán todos os establecementos participantes.

13. OFICINA TÉCNICA

Para a atención e comunicación directa cos establecementos participantes, resolver calquera incidencia ou aclarar detalles poden dirixirse á oficina técnica do concurso:

TRISQUELIA COMUNICACIÓN
Rúa de García Camba 4, 4ºB
36001 Pontevedra
Tel. 986 101 323 / 669 459 453
info@trisquelia.com

Horario: de luns a xoves, de 10.00 a 15.00 e de 17.30 a 20.30 horas; venres, de 10.00 a 15.00 horas



RESUMO DATAS IMPORTANTES

Inscripción e pagamento da cota: ata o 17 de outubro

Entrega das receitas: ata o 20 de outubro

Fotografías das tapas: do 21 ao 25 de outubro

CONCURSO: DO MÉRCORES 13 AO MÉRCORES 27 DE NOVENBRO

